

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CURROS ENRÍQUEZ

CURSO: 2º ESO

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA: Maio 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

| | |
|--|---|
| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias | 2 |
| A. Estándares imprescindibles | 2 |
| B. Estándares de ampliación (alumnos avanzados) | 3 |
| 2. Avaliación e cualificación | 5 |
| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) | 7 |
| 4. Información e publicidade | 8 |

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

A. Estándares de reforzo e recuperación (estándares xa traballados nas dúas primeiras avaliacións que se seguirán traballando no terceiro trimestre).

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|---|
| B1.2. escoita de xeito activo, comprende, interpreta e valora textos orais de distintos tipos. | LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (pide axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece etc.). |
| B2.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos. | LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e tipo de texto. |
| | LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias do nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico. |
| | LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto e pon en relación co contexto. |
| | LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas. |
| | LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global. |
| B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. | LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas. |
| B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua. | LCLB2.3.1. Utiliza de modo autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. |
| B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. | LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. |
| | LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. |
| B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co | LCLB2.5.1. Escribe textos do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e |

| | |
|---|--|
| ámbito de uso. | social, imitando textos modelo. LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descriptivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. |
| B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. |
| B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito. | LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito. |
| B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos. | LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nun texto oral ou escrito. |
| B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. | LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto. |
| B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos do ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso dunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. |
| B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas etc., personaxes e temas de todas as épocas. | LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento e a evolución de personaxes tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade. |
| B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. | LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións de xénero, con intención lúdica e creativa. |
| B. Estándares de ampliación (non avaliados no 1º e 2º trimestre). | |
| | LCLB3.1.3. Coñece e utiliza axeitadamente as formas verbais nas súas producións escritas e orais. |

| | |
|---|--|
| B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. | LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais. |
| B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega. | LCLB3.8.1. Coñece a diversidade lingüística de Galicia. |
| B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, intención lúdica e creativa. | LCLB4.4.2. Desenvolve e gusto pola escritura como instrumento capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. |

Ademais dos recollidos na táboa, engadimos a continuación outros de animación á lectura e expresión oral, que corresponden a traballos totalmente voluntarios, de carácter máis lúdico e estimulante e non exclusivamente académico: Son os estándares LCLB1.5.1., LCLB4.1.1. e LCLB4.3.1. Non os incluimos na táboa anterior porque, a diferenza do que ocorreu nas avaliacións pasadas, nesta situación excepcional non os consideramos imprescindibles para superar o curso.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--------------------------------------|---|
| Avaliación | <p><u>Procedementos</u>: Análise das producións dos alumnos.</p> <p><u>Instrumentos</u>: Caderno de actividades. Traballos escritos.</p> |
| Cualificación final | <p>Cada unha das actividades que se lle proporcionen aos alumnos ao longo deste terceiro trimestre será cualificada cunha escala numérica do 1 ao 10. Unha vez rematado o trimestre, farase o media aritmética desas cualificacións e aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:</p> <p>1. ALUMNOS COA 2ª AVALIACIÓN APROBADA:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Menos do 40% das tarefas entregadas: a nota será a mesma da 2ª avaliación. • Entre o 40% e o 60% das tarefas entregadas: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Se a media é superior á da 2ª avaliación nun punto ou máis, sumaríase 1 punto á nota da 2ª avaliación. ✓ Se a media do terceiro trimestre é igual ou inferior á do 2º trimestre ou é menos dun punto superior a ela, a nota final será a mesma que na 2ª avaliación. • Máis do 60% das tarefas entregadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ Se a media é ata 0,99 puntos superior á 2ª. avaliación, a cualificación final será 1 punto superior á da 2ª avaliación. ○ Se a media do terceiro trimestre iguala ou supera nun punto enteiro a do trimestre anterior, a cualificación do 3º trimestre substituirá á da 2ª avaliación e será, en todo caso, 2 puntos superior a ela. ○ Se a media é inferior á da 2ª avaliación nun punto como máximo, a cualificación final será un punto máis que na 2ª avaliación. ○ Se a media é inferior á da 2ª avaliación en máis dun punto, a cualificación final será a mesma da 2ª avaliación. <p>2. ALUMNOS COA 2ª AVALIACIÓN SUSPENSA:</p> <p>Para recuperar a materia cunha cualificación de 5 terán que entregar, polo menos, o 70% das actividades nas que se traballen contidos e estándares xa traballados nas avaliacións anteriores e terán que obter nelas unha cualificación media superior a 5. A non realización de tarefas con contidos novos ou a cualificación negativa dos estándares de ampliación non se lles terá en conta para a obtención da cualificación de “aprobado”. Se a media entre o resultado do terceiro trimestre e a cualificación do 2º trimestre é 6 ou superior, esta media</p> |

| | |
|---|---|
| | será a cualificación da avaliación final de xuño. O redondeo farase por aproximación. |
| Proba extraordinaria de setembro | <p>Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño recibirán un caderno de recuperación con dúas partes:</p> <p>a) Tarefas de lectura e escritura (tipos de textos e xéneros e subxéneros literarios). Deberán realizar as tarefas e entregalas en setembro na data que o centro fixe para a proba extraordinaria de Lingua Castelá e Literatura. As actividades serán cualificadas e suporán o 50% da nota.</p> <p>b) Actividades gramaticais. Deberán facelas e entregalas en setembro. O exame constará dunha selección de tarefas incluídas nesta segunda parte do caderno de recuperación. A nota do exame será un 50% da cualificación da avaliación extraordinaria de setembro. En caso de non poderse realizar o exame debido á situación provocada polo COVID-19, serán cualificadas as actividades entregadas e suporán o 50% da nota de setembro.</p> |
| Alumnado de materia pendente | NON HAI ALUMNOS COA MATERIA DE 2º DE ESO PENDENTE. |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| Actividades | <p>Os alumnos deben facer dous tipos de actividades:</p> <ol style="list-style-type: none">1) <u>actividades de reforzo e recuperación</u> (a maioría delas), referidas a criterios e estándares de avaliación xa traballados nos dous primeiros trimestres. Estas actividades poder conter aspectos novos dos contidos, pero non supoñen o desenvolvemento de competencias e habilidades novas nin a aplicación de estándares de aprendizaxe non aplicados ata o mes de marzo.2) <u>actividades de ampliación</u>, que combinan as habilidades e estándares xa traballados antes do peche do centro coa introdución dalgúns estándares de aprendizaxe que non se traballaran antes do confinamento. Só se aplican catro estándares novos e nunca solos, senón combinados nas tarefas con outros procedementos que xa dominan. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Comunicación a través de Google Classroom, con instrucións detalladas do traballo e explicacións claras e breves para axudarlles a realizar as tarefas. Videoconferencia unha vez á semana para aclarar as dúbidas e axudar no traballo. Os alumnos con problemas de conectividade poden realizar as tarefas a man no seu caderno e (no caso de serlles imposible enviar a través dun teléfono móbil a fotografía das tarefas) poñerse en contacto co centro para concertar o procedemento de entrega ou recibir explicacións escritas adicionais.</p> |
| Materiais e recursos | <p>Os alumnos teñen nas súas casas o <i>Caderno de actividades</i> da editorial Barcanova, cos espazos para escribir, no que realizan a maior parte das actividades. A profesora proporciona os materiais complementarios (explicacións, apuntamentos, textos, vídeos) a través da plataforma <i>Google Classroom</i> ou polo correo electrónico.</p> |

| 4. Información e publicidade | |
|--|---|
| Información ao alumnado e ás familias | Os alumnos e as familias poderán consultar esta programación na páxina web do centro. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |